

Xestionado por [Vieiros](#)

NO TEATRO PRINCIPAL DA ESTRADA

Francisco Castro recibe o 'García Barros' de novela

As palabras da néboa é unha obra histórica, ambientada na Galiza do século XVI, arriscada na súa escrita e composición

Redacción - 11:27 30/11/2007

O pasado ano Francisco Castro gañou o Blanco Amor coa súa novela [Spam](#), unha obra ambientada no ciberespazo. Resulta curioso, en parte, que coa súa seguinte novela, *As palabras da néboa*, tamén premiada, lévenos ao século XVI, á Galiza feudal.

[Francisco Castro](#) gañou en xullo o *Premio García Barros* de novela, outorgado polo [Concello da Estrada](#). O venres 30, a partir das oito da tarde, terá lugar no Teatro Principal da vila o acto de entrega do premio, acompañado dun recital de música. A obra, publicada por Galaxia, xa está nas librarías.

Unha novela histórica

A historia transcorre en Galiza, pero arrinca en América, cun personaxe que regresa a Europa, facendo o camiño inverso ao que están facendo todos os demais viaxeiros. E xa no *vello mundo* acabará liderando unha revolta contra o señor feudal.

O xurado do *García Barros* destacou tamén o "discurso narrativo orixinal" da novela, con longos parágrafos nos que non abundan os puntos, e continuos saltos temporais e espaciais. En certa forma as palabras, a súa forza, son as protagonistas da obra (de feito aparecen no propio título), sobre todo a través dun libro que se salva de ser queimado pola Inquisición.